



BANGUESAS VÁZQUEZ, M.; AGUILAR MADRAZO, J. e IGLESIAS VEIGA, R. (2018): *IES Pino Manso do Porriño. 1966-2016. 50 anos de ilusións. O Porriño, Concello do Porriño, 358 páxinas. ISBN: 978-84-09-02347-9.*

A partir do golpe de estado de 1936, e como consecuencia da represión perpetrada contra os corpos docentes, un grupo de profesores e catedráticos universitarios de orientación republicana e galeguista, vítimas de depuración ou cadea —como Ferrán Calvet, José Pérez Ramírez, Isidro Suárez Paz, Isidro Parga Pondal, Álvaro Gil Varela, Arcadio Arienza ou Valentín Sobrini vinculados á Universidade de Santiago, aos que se suman outros como Andrés León Maroto, profesor do Instituto-Escuela ou Miguel Catalán Sañudo, da Facultade de Ciencias de Madrid—, atopan refuxio político e laboral nos Laboratorios Zeltia, unha empresa familiar creada en 1939 «baixo o impulso do médico galeguista Ramón Obella Vidal e dos irmáns Antonio, Manuel, Concepción e José Fernández López, coa participación de José Ruíz Gómez, Fidel Illa Couto e Fernando Calvet».

José Fernández López destacou como un empresario filántropo e progresista, ta-

mén castigado polo réxime franquista.¹ Outro dos irmáns, Antonio, foi ademais o promotor en 1939 da Granxa de Barreiros (Sarría, Lugo), ampliada posteriormente, en 1948, coa Escola Primaria de Orientación Agrícola, que impartía cursos de formación para mestres coa finalidade de protexer o patrimonio e a cultura rural, e modernizar o campo galego. A Granxa Escola de Barreiros foi considerada un proxecto pioneiro de educación ambiental, onde traballou durante moitos anos Avelino Pousa Antelo, outro destacado mestre galeguista.

Ramón Obella, pola súa parte, fundara en Vigo o Instituto Químico Miguel Servet en 1935, primeiro laboratorio bioquímico establecido en Galicia; Fernando Calvet Prats era un relevante bioquímico doutorado nas universidades de Oxford e Madrid, depurado da súa cátedra en Santiago en 1936; e Fidel Illa Couto, ligado a outras iniciativas empresariais, foi un dos fundadores xunto ao seu irmán Xaime, da Editorial Galaxia en 1950. A presenza deste núcleo de intelectuais e científicos no grupo de empresas Zeltia favoreceu, entre outros aspectos, un ambiente positivo cara á formación profesional e a promoción cultural dos seus traballadores, de tal xeito que a empresa funcionou tamén como una escola de formación de mandos medios e persoal especializado, e isto importou «por

¹ Tema que abordou amplamente o historiador Ricardo Guriarrán. Véxase: «Galegos, ciencia e investigación no contextos da sublevación do 36: os exilios. O caso da empresa Zeltia». *Actas do Congreso Internacional o Exilio Galego*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2001, pp. 1499-1534 e Obella Vidal: investigador, empresario e galeguista. A Coruña, Ed. Pío García, 2009. Máis recentemente, o filme *Os fillos do sol* (España, 2017 coa participación da TVG), centrado na figura de Ferrán Calvet e os inicios da empresa Laboratorios Zeltia.

osmose un beneficio extra-empresarial, con enriquecemento do medio social».

Xunto a este núcleo, outras dúas figuras foron tamén relevantes: o veterinario Nicanor Ocampo, formado na Institución Libre de Enseñanza, e o mestre Antonio Valverde Mayo. E foi así como xurdiu a idea de formar o Padroado de Cultura e Beneficencia, como instrumento para reunir os fondos con que levantar un instituto nacional de ensino medio, que puido realizarse grazas ao esforzo económico do mencionado José Fernández López e das súas empresas, nomeadamente Laboratorios Zeltia. Un esforzo que tamén asumiron o Concello do Porriño e o Ministerio de Educación e Ciencia nas súas respectivas competencias de mantemento e dotación de profesorado necesario. Acababa de nacer o segundo grande instituto de bacharelato da área de influencia de Vigo; o primeiro era o emblemático Santa Irene.

Desde aquela, e ata a actualidade, mudou o nome orixinario —de Instituto Nacional de Enseñanzas Medias a Instituto de Ensino Secundario «Pino Manso»— e a súa titularidade —do Ministerio de Educación e Ciencia pasou á Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Xunta de Galicia—. Ademais, durante cinco décadas de intensa actividade académica, foi testemuño directo das sucesivas reformas educativas no marco dunha transición política, desde a ditadura de Franco ata o chamado estado das autonomías, e leva deixando desde entón unha notable pegada na evolución social e o desenvolvemento humano do municipio.

Cumpridos os primeiros 50 anos do Instituto «Pino Manso», tres profesores cunha dilatada traxectoria no centro levaron a cabo a minuciosa tarefa de recoller

e documentar nas máis de 350 páxinas deste libro conmemorativo, coidadosamente editado polo Concello do Porriño, esas cinco décadas de vida académica: Mercedes Bangueses, doutora en Historia da Arte; Juan Aguilar, licenciado en Ciencias Químicas e Ramón Iglesias, doutor en Historia e experto en arquitectura escolar, do que xa referenciamos aquí máis traballos,² ofrécennos unha coidada investigación, complementada cun rico catálogo fotográfico, resultado da pescuda en arquivos municipais e familiares, e fontes hemerográficas e bibliográficas, que se divide en tres bloques.

O primeiro, «Porriño nos anos sesenta. A década na que se crea o Instituto de Ensino Medio» (pp. 15-62), aborda a historia local dunha vila que experimenta un forte pulo empresarial, ao abeiro dos plans tecnocráticos de industrialización na derradeira etapa da ditadura franquista, unha conxuntura económica que veu favorecida pola explotación e transformación das canceiras de granito para a construción interior e a exportación localizadas no municipio; pola proximidade estratéxica á cidade de Vigo e á actividade industrial do seu porto e polo desenvolvemento do ferrocarril como medio de transporte: «Un dos primeiros beneficios da presenza do ferrocarril foi a modernización das actividades preexistentes que medraron ao atopar novos e afastados mercados», en especial os sectores avícola, madeireiro e conserveiro, nos primeiros momentos. Nese contexto de desenvolvemento económico e empresarial «algunhas das industrias que se instaloron no Porriño, tiveron na década de 1960 unha directa in-

² Iglesias Veiga, J. R. *Arquitectura e Indianos na cidade de Vigo e bisbarra*. Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2013, pp. 319. (*Sarmiento*, no. 17, 2013).

cidencia no proceso de creación do Instituto Nacional de Ensino Medio e sobre todo na construción dun edificio para albergalo».

O segundo bloque, «O edificio do IES ‘Pino Manso’ na historia da arquitectura escolar do Porriño e da comarca viguesa» (pp. 67-110) recolle aspectos históricos, técnicos e artísticos do municipio sobre esta materia desde finais do XIX, no marco dun estudo máis amplo que se estende ao resto de concellos da comarca; arquitectura escolar de iniciativa pública e privada, esta última nomeadamente vinculada á emigración americana. Os autores documentan no Porriño unha situación de precariedade similar á doutras localidades galegas en que a maioría das aulas escolares estaban instaladas en locais de aluguer, insalubres e insuficientes nas súas dimensións e cantidade, para satisfacer as necesidades dun alumnado moi numeroso e xeograficamente disperso. Neste contexto, «ademais da mellora que significou a presenza dun ‘Instituto Nacional de Enseñanza Media’ para os mozos e mozas do Porriño e concellos veciños, a propia construción dun edificio novo e moderno para albergalo supuxo un avance notable na historia das edificacións escolares da bisbarra viguesa».

O terceiro bloque, «Cinquenta anos de convivencia no IES Pino Manso do Porriño» (pp. 111-324), reflicte de xeito minucioso e profusamente documentado a vida académica do instituto, marcada polo paso de varias xeracións de alumnos e alumnas durante estes cincuenta anos, que se divide en tres etapas: a primeira, correspondente á década 1966-1976, un tempo marcado pola necesidade de consolidar o proxecto mediante o ensaio continuo e a adaptación de novos e diferentes espazos de aprendizaxe, participación e con-

vivencia: «Ao longo do tempo, o instituto foi modificando o seu aspecto, ampliando estancias e adaptándose ás novas necesidades. Un momento marcado, ademais pola aprobación e implantación da Lei xeral de educación, a partir de 1970. A segunda etapa (1976-1998) iníciase co cambio de réxime político, que derivou en «transformacións lentas pero profundas no xeito de entender e de facer o ensino»; na paulatina presenza de alumnado nos órganos de representación e tamén na súa actividade reivindicativa; e na transición ao novo bacharelato coa implantación da LXE, o que significou, ante todo, «un enorme avance na escolarización da que xurdiu unha gran necesidade de profesorado no ensino estatal, que se cubriu cos chamados PNNs, que removeron o estático medio educativo e, ademais de expoñer as súas reivindicacións laborais, contribuíron a que se cuestionara o modelo tradicional autoritario». A terceira etapa (1998-2016) inaugúrase coa nova denominación, «Pino Manso», que recolle o topónimo da propiedade doada por José Fernández López para levantar o edificio. Coa nova nomenclatura tamén se incorporan as reformas derivadas da implantación da LOXSE, como a ESO e o novo bacharelato e a paulatina informatización do centro. «Un dos espazos que máis se transformou e renovou ao longo do tempo foi a Biblioteca. Localizada na parte alta da fachada, foi gañando superficie e ampliando a organización de actividades».

Un cuarto bloque (pp. 325-352) recolle unha ampla reportaxe sobre as conmemoracións e homenaxe polos cincuenta primeiros anos de vida da institución, un tempo en que os cambios producidos por tres reformas educativas —LXE, LOXSE e LOMCE— deixaron a súa pegada, «tan-

to no contido como no continente, pero a esencia de crer que a educación é a arma máis potente para cambiar o futuro permanente».

Encabezan o libro un texto institucional a cargo de Eva García de la Torre, alcaldesa do Porriño, e un prólogo de Juan Madrazo, actual director do IES; e péchase cun apartado dedicado ás fontes e á bibliografía (pp. 353-358).

«Nosotros, padres de familia preocupados seriamente por el futuro de nuestros hijos, conscientes de legarles la mejor herencia del estudio y del trabajo, deseamos un Centro de Enseñanza con plena garantía, donde se estudie la totalidad del bachillerato y a ser posible existan estudios

nocturnos, de tanta importancia en este pueblo industrial; regido y administrado por un Patronato en el que estén representados el Ayuntamiento, padres de familia y todos cuantos contribuyan a su creación y sostenimiento. Pero sobre todo con profesorado claramente especializado, que sean licenciados o doctores, de reconocida competencia». Así comezaba a carta cursada ao Concello por un grupo de pais, nos inicios da obra que aquí se recolle, que deixa patente a preocupación da sociedade civil pola creación de espazos de formación como instrumento de progreso, modernización e futuro.

Xosé M. MALHEIRO GUTIÉRREZ
Universidade da Coruña